PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 20/11/2024 10:50:34
Nº Rexistro: 3819
Data envio: 20/11/2024 10:50:34.804

PARLAMENTO DE GALICIA

Acordo da Mesa do Parlamento, do 18 de novembro de 2024, polo que se resolve a solicitude de reconsideración do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 14288), da decisión da Mesa do Parlamento adoptada na sesión celebrada o 7 de novembro de 2024, a respecto da cualificación como urxente da solicitude formulada polo G.P. Popular de Galicia a través do escrito con número de rexistro 14185

Examínase o escrito do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a reconsideración da decisión da Mesa do Parlamento adoptada na sesión celebrada o 7 de novembro de 2024, a respecto da cualificación como urxente da solicitude formulada polo Grupo Parlamentario do Partido Popular.

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do día 12 de novembro de 2024.

Visto o informe dos Servizos Xurídicos, no que se conteñen as seguintes consideracións:

I.- Antecedentes

O escrito núm. 14.288, presentado polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao abeiro do disposto no artigo 30.2 do Regulamento da Cámara, solicítase a reconsideración da decisión da Mesa do Parlamento adoptada na sesión do día 7 de novembro pola que se acorda declarar o procedemento de urxencia para a celebración dunha sesión da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública na Administración autonómica e, en consecuencia, tamén se acorde restituír os dereitos dos deputados e deputadas do grupo parlamentario asinante, revogando o acordo impugnado.

2.- Fundamentos xurídicos

1. O escrito obxecto de análise, no seu **primeiro argumento**, cita o artigo 74 do Regulamento da Cámara respecto da necesaria distribución da documentación correspondente á reunión de que se trate. Porén o acordo da Mesa do Parlamento impugnado non aplica, en relación á aprobación do plan de traballo na sesión celebrada o día 8 de novembro pola Comisión de investigación, ese artigo senón que o cumprimenta coa aplicación do artigo 98 ao trámite de urxencia. Isto supón que se cumpre a distribución coa antelación necesaria de 24 horas e non se esixe, polo tanto, a adopción de ningún acordo da Mesa do Parlamento debidamente xustificado.

Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-bV7fdmu7I-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

Discútese, igualmente, a aplicación do artigo 98 do Regulamento por entender que se refire á tramitación de iniciativas cando o precepto fala en xeral de asuntos, como neste caso é o plan de traballo na sesión da Comisión de investigación. Ademais esta é a práctica reiterada en numerosos antecedentes que se citarán posteriormente. Nesta orde de cousas solicítase que a interpretación das normas citadas se faga de xeito que non resulten lesionados os dereitos das deputadas e dos deputados a exerceren as súas funcións "de acordo coas prerrogativas parlamentarias". Ao respecto hai que apuntar que ningunha das prerrogativas individuais das deputadas e dos deputados da Cámara citadas no Regulamento son afectadas pola adopción do procedemento de urxencia pois, como ten afirmado o Tribunal Constitucional na sentencia 136/2011, non hai lesión do dereito de participación pola adopción do procedemento de urxencia no ámbito parlamentario.

O escrito de reconsideración afirma que a ausencia de motivación aboca á indefensión das deputadas e dos deputados ao non ter coñecemento da causa ou razón pola que se declara a urxencia e, por outra banda, que se exclúe a regra xeral da previa convocatoria coa antelación ordinaria que establece o Regulamento. Unha vez máis hai que subliñar que a utilización do procedemento de urxencia co cumprimento dos requisitos do artigo 98 é perfectamente admisible no noso Regulamento e que os efectos que produce sobre a convocatoria se limitan a reducir de 48 a 24 horas a antelación prevista. Estas consecuencias son admitidas polo Tribunal Constitucional na sentenza 30/2024, fundamento xurídico 3º.

2. Como **segundo** fundamento do escrito de reconsideración, o Grupo Parlamentario solicitante di que a solicitude do procedemento de urxencia debe ser motivada polo grupo propoñente e explicada pola Mesa da Cámara.

A lectura do artigo 98.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia non esixe a motivación e así se ten operado respecto de numerosos procedementos parlamentarios agás os que, como as preguntas urxentes, teñen unha normativa específica. Neste sentido o fundamento xurídico 3º do da sentenza do Tribunal Constitucional 25/2024 afirma que o acordo de urxencia é unha *"decisión de mera oportunidad política".* Entre outros acordos da Mesa da Cámara neste sentido poden citarse os do 1 de decembro de 2009, do 10 de xuño de 2015, 12 de xuño de 2023 e 23 de novembro de 2023.

Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-bV7fdmu7I-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 20/11/2024 10:50:34
Nº Rexistro: 3819
Data envio: 20/11/2024 10:50:34.804

PARLAMENTO DE GALICIA

Tomando un fragmento dos razoamentos do Tribunal Constitucional na sentenza 30/2024 o grupo solicitante da reconsideración suscita a eventual afectación do *ius in officium* das deputadas e dos deputados e deputadas por entender que a decisión adoptada pola Mesa sería arbitraria ou manifestamente irrazoable. Polo contrario, a adopción polo órgano competente despois de comprobar os requisitos regulamentarios respecto do procedemento de urxencia, non pode considerarse como un exercicio de arbitrariedade senón, en todo caso, como un acordo que favorece o principio *pro actione* do procedemento parlamentario, neste caso respecto do procedemento dun órgano de control como é a Comisión de investigación nos termos que ten razoado o Tribunal Constitucional na súa sentenza 12/2019 na que reprocha os retrasos no funcionamento dunha comisión de investigación nas Cortes de Castela e León.

O escrito de reconsideración deixa constancia da marxe de apreciación que o Tribunal Constitucional outorga aos órganos de goberno das asembleas lexislativas, pero incide nun requisito: a motivación, que non está previsto no artigo 98 do noso Regulamento. Esa non necesidade regulamentaria de motivación non restrinxe dereitos regulamentarios recoñecidos, xa que non está consagrado un suposto dereito a que as iniciativa se tramiten procedimentalmente pola ordinaria e non pola vía de urxencia.

3. En **terceiro** lugar, o escrito entende que non é causa dabondo para a adopción do procedemento de urxencia a solicitude deste procedemento polos órganos lexitimados no Regulamento e a súa aceptación do órgano competente que é a Mesa da Cámara. Cabe citar aquí precedentes nos que participaron diferentes grupos parlamentarios, incluso de xeito mancomunado, nos que non se produciu esa motivación que non demanda o Regulamento.

Entender que a falta de motivación constitúe un vicio que "altera de xeito substancial o exercicio da función representativa inherente ao estatuto dos deputados e das deputadas do Parlamento de Galicia" resulta de difícil entendemento cando os membros da comisión de investigación convocados polo procedemento de urxencia puideron, con coñecemento de toda a documentación necesaria prevista no artigo 74 do Regulamento, tanto participar na comisión como presentar e defender as súas antepropostas de plan de traballo e tamén, finalmente, votar as súas antepropostas e a

Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-bV7fdmu7I-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

proposta elaborada pola Mesa da comisión nos termos previstos nas súas normas de funcionamento.

4. Por último, é necesario precisar que a sentenza 30/2024 do Tribunal Constitucional, recollida na nota elaborada polos Servizos Xurídicos, no seu fundamento xurídico 3º, rexeita o motivo de vulneración procedimental alegado por unha das partes en relación coa decisión da Mesa do Congreso dos Deputados de tramitación polo procedemento de urxencia e faino por remisión ao xa razoado nas súas sentenzas 128/2023, de 2 de outubro, fundamento xurídico 3 e 15/2024, de 30 de xaneiro, fundamento xurídico 3. Esta última afirma: «*Tal y como se argumentó en el fundamento jurídico 4 del ATC 9/2012, el órgano rector de la Cámara no ha de motivar o justificar su decisión, sino adoptarla en función de la solicitud elevada por los sujetos legitimados para ejercerla (art. 93.1 RCD)*».

Xa que logo, o reproche que se recolle no escrito de reconsideración en relación coa carencia de pronunciamento doutrinal do máximo intérpretete constitucional na sentenza 30/24 non pode compartirse, xa que os Servizos Xurídicos entenden que o acordo impugnado recolle a doutrina constitucional na que lle outorga á Mesa da Cámara a facultade de acordar a tramitación dun asunto polo procedemento de urxencia, sen establecer ningún outro requisito para isto máis que o da petición dos suxeitos lexitimados ao efecto.

3.- Conclusións.

De todo o antedito conclúese que a adopción do procedemento de urxencia pola Mesa da Cámara na súa reunión do día 7 de novembro de 2024 foi axustada a dereito, sen que se aprecie violación dos dereitos dos deputados e das deputadas sen que, polo tanto e por razóns xurídicas, proceda revogar o acordo impugnado.

Por estas consideracións, que a Mesa asume na súa totalidade, consonte ao disposto no artigo 30.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, adopta por maioría, cos votos en contra da vicepresidenta segunda e da vicesecretaria, o seguinte ACORDO:

1.º) Desestimar a solicitude de reconsideración do acordo da Mesa do Parlamento do 7 de novembro de 2024 pola que se declara o procedemento de urxencia para a celebración dunha sesión da Comisión non permanente de investigación sobre a contratación pública

Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-bV7fdmu7l-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 20/11/2024 10:50:34
Nº Rexistro: 3819
Data envio: 20/11/2024 10:50:34.804

PARLAMENTO DE GALICIA

na Administración autonómica ao abeiro do disposto na nota dos Servizo Xurídicos da Cámara.

2.º) Comunicarlles este acordo á portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e aos restantes grupos parlamentarios e remitirlles a referida Nota dos Servizos Xurídicos.

3.º) Contra este acordo, que é firme na vía parlamentaria, poderá interpoñerse recurso de amparo perante o Tribunal Constitucional no prazo de tres meses a contar desde o seguinte á súa comunicación, conforme ao establecido no artigo 42 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.20 10:13:26 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-bV7fdmu7I-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 20/11/2024 10:50:34
Nº Rexistro: 3819
Data envio: 20/11/2024 10:50:34.804

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 20/11/2024 10:13:26

CSV: REXISTRO-bV7fdmu7I-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/